



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, secretaria-interventora do Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 5 de xuño de 2017, e segundo resulta do borrador da acta correspondente a esta sesión, e coa salvidade que establece o artigo 206 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“9º.- ESCRITOS E ASUNTOS VARIOS.

A Sra. Alcaldesa dá conta dos escritos e asuntos de contido vario que de seguido se relacionan:

.../...

- Solicitudes de axuda económica.-

* Visto o escrito presentado por D. José Victor Cimadevila González, como director do I.E.S. de Meaño, polo que solicita axuda económica para a viaxe organizada polo centro, cunha duración de catro días, e na que está prevista a participación de 30 alumnos/as de 4º curso da ESO a Roma.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda conceder unha axuda polo importe de 20,00 €/participante, con cargo á aplicación presupostaria do Estado de Gastos do Presuposto Municipal 2017: 326.48002.

Xustificación e pagamento:

Para poder percibir esta axuda a entidade beneficiaria (I.E.S. de Meaño) deberá presentar, **unha vez realizada a excursión**, a seguinte documentación:

- Instancia dirixida á Sra. alcaldesa-presidenta na que se solicita o pago da axuda.
- Certificación do Secretario/a do Centro no que constará: número de alumnos participantes, gasto total, e si dispoñen doutras axudas o importe das mesmas.
- Certificación bancaria.
- Copia do CIF do centro”

.../...

E para que así conste e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa en Meaño a oito de xuño de dous mil dezasete.



Asdo. M^a Lourdes Ucha Varela

